



(+34) 981 56 97 40

Rúa do Horreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña

info@comisiondatransparencia.gal

www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 23/12/2020 12:33:06


SAIDA 16580/20




Reclamante: 
Expediente. Nº **RSCTG 122/2020**

Correo electrónico: 

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista la reclamación presentada por  mediante escrito do 17 de novembro de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 22 de decembro de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 17 de novembro de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante a Consellería de Política Social de información sobre sancións impostas e estado de procedemento de execución, resolucións en alzada, número de denuncias desestimadas por ano, resolucións que finalicen o procedemento sen sanción por infraccións en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal dentro das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia nos exercicios 2015 ao 2020 e sancións impostas e copias das resolucións en relación co réxime sancionador do Título II da Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o acceso ó contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia, copias das resolucións en alzada de desestimación de denuncias ou, resolución desestimatoria en primeira instancia, número de denuncias desestimadas por ano, estado do procedemento de execución das sancións, copia de resolucións que finalicen o procedemento por presuntas infraccións ao amparo dos tipos previstos nos artigos 16.3A, 16.38 e 16.4A da citada Lei, sen imposición de sanción, e número de expedientes pechados nesta situación.

O escrito viña acompañado de copia da súa solicitude e do seu DNI.

Segundo. Con data 23 de novembro de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á administración para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegaran informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 23 de novembro de 2020 recibíuse escrito do reclamante no que sinala que desiste da reclamación ante a Comisión da Transparencia, por ter obtido resposta á súa solicitude.

Cuarto. Con data do 4 de decembro de 2020, recíbese oficio da Consellería de Política Social ao que acompaña informe e copia do expediente tramitado. No expediente consta resolución do 19 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social pola que se concede ao interesado acceso á información solicitada, notificada ao interesado o 20 do mesmo mes.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter

potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece na súa art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Análise do expediente

Con data do 23 de novembro de 2020, o interesado presenta escrito co que acompaña resolución da Consellería de Política Social do 19 de novembro de 2020, pola que se lle concede o acceso á información solicitada, polo que solicita o arquivo do seu expediente.

O artigo 94.4 da Lei 39/2015, establece que a Administración aceptará de plano a desistencia, e declarará concluído o procedemento salvo que, persoándose no mesmo terceiros

interesados instasen estes a súa continuación no prazo de dez días dende que foran notificados. De acordo co anterior, ao non existir terceiros interesados, procede o arquivo do expediente, polo que a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Aceptar a desistencia e declarar concluso o procedemento.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por
76706870F MARIA DOLORES
FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2020.12.23 08:45:32 +01'00'

M^a Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia